



## Estratexia de internacionalización da Universidade de Vigo Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais





## Contido

|   |           |
|---|-----------|
| Resumo executivo .....  | 5         |
| Introdución .....   | 7         |
| <b>Análise DAFO .....</b>                                     | <b>11</b> |
| Debilidades.....  | 11        |
| Ameazas.....  | 12        |
| Fortalezas.....   | 12        |
| Oportunidades.....  | 13        |
| <b>Obxectivos e liñas básicas de actuación .....</b>          | <b>15</b> |
| Programa de mobilidade internacional.....                     | 15        |
| <i>Misións.....</i>   | 17        |
| <i>Accións.....</i>   | 18        |
| <i>Persoas destinatarias.....</i>                             | 18        |
| Programa de cooperación internacional.....                    | 18        |
| <i>Misións.....</i>   | 20        |
| <i>Accións.....</i>   | 20        |
| <i>Persoas destinatarias.....</i>                             | 21        |
| Programa de internacionalización da actividade académica..... | 21        |
| <i>Misións.....</i>   | 22        |
| <i>Accións.....</i>   | 22        |
| <i>Persoas destinatarias.....</i>                             | 23        |
| Programa de presenza internacional.....                       | 23        |
| <i>Misións.....</i>   | 24        |
| <i>Accións.....</i>   | 24        |
| <i>Persoas destinatarias.....</i>                             | 25        |
| Programa de desenvolvemento institucional.....                | 25        |
| <i>Misións.....</i>   | 25        |
| <i>Accións.....</i>   | 26        |
| <i>Persoas destinatarias.....</i>                             | 26        |





## Resumo executivo

As liñas estratégicas da Universidade de Vigo en canto á internacionalización son:

- Desenvolver a cooperación e a cooperación ao desenvolvemento con e para institucións de educación superior dentro e fóra da Unión Europea.
- Promover e facilitar a mobilidade do estudiantado, do persoal docente e investigador, e do persoal de administración e servizos, fomentando a participación dos colectivos menos representados, segundo criterios de igualdade de acceso e non discriminación.
- Establecer políticas claras e trazables cara ao desenvolvemento de actividades docentes integradas e trasnacionais, como cursos e módulos conxuntos ou titulacións múltiples e conxuntas.
- Recoñecer a *importancia de*, e darlle *visibilidade a*, os resultados acadados polo persoal docente e investigador e o persoal de administración e servizos participante en programas de mobilidade e en proxectos de cooperación e investigación cos nosos socios estratégicos.
- Ter en conta os resultados e as boas prácticas acadados ata o momento, co obxectivo de conseguir unha mellora continua destas actividades.
- Promover o plurilingüismo na Universidade de Vigo.

Tendo en conta estas liñas estratégicas e a análise das limitacións internas e externas (debilidades e ameazas) e o noso potencial interno e externo (fortalezas e oportunidades) a estratexia de internacionalización artéllase arredor dos seguintes cinco programas:

- Programa de mobilidade internacional
- Programa de cooperación internacional
- Programa de internacionalización da actividade académica
- Programa de presenza internacional
- Programa de formación institucional

O **Programa de mobilidade internacional** persegue negociar novos convenios de mobilidade de interese estratégico dende unha perspectiva global e de excelencia, reforzar a estrutura de mobilidade existente e xeneralizar esa mobilidade a toda a comunidade universitaria. Para iso, as accións dentro deste programa inclúen aquellas encamiñadas a incrementar as cifras de mobilidade e os grupos obxectivo, á capacitación dos coordinadores de relacóns internacionais nos centros, á mellora da competencia lingüística, á mellora da comunicación e da promoción, e á mellora da xestión. Fomentarase de xeito especial a participación nos programas e accións de mobilidade dos colectivos menos representados e en risco de exclusión.


O **Programa de cooperación internacional** ten como metas promover a participación en proxectos internacionais de investigación, de cooperación educativa e de cooperación ao desenvolvemento; instaurar a cooperación internacional como unha das políticas da responsabilidade social universitaria; involucrar a toda a comunidade universitaria na cooperación internacional e para o desenvolvemento, e promover o asociacionismo

internacional e maila creación de redes de investigación para o desenvolvemento. Estas misións desenvolveranse a través da participación institucional en proxectos internacionais, fomentando a participación da comunidade universitaria nos programas de cooperación, e a través da mellora da xestión e da difusión destes programas.

O [Programa de internacionalización da actividade académica](#) ten como obxectivos fundamentais posicionar internacionalmente a nosa actividade académica, colaborar co resto dos axentes da Universidade de Vigo no posicionamento internacional da I+D+i desenvolvida na Universidade de Vigo, e promover o desenvolvemento de novas titulacións internacionais. Para acadar estes obxectivos proporcionárselle asistencia á comunidade universitaria na definición de programas educativos internacionais e de integración europea, fomentarase a implantación de titulacións dobles e conxuntas, favoreceranse os programas de posgrao internacionais e a docencia noutras lingua, e traballarase para mellorar os procesos de captación de estudiantes estranxeiros.

O [Programa de presenza internacional](#) ten como obxectivos incrementar a presenza e prestixio internacional da nosa universidade e aumentar as nosas relacións internacionais mediante a elaboración e negociación de novos acordos internacionais de tipo institucional, dentro e fóra da Unión Europea. O programa artéllase a través da participación en asociacións e redes universitarias internacionais, a configuración de consorcios estratégicos e alianzas de coñecemento, a participación en eventos profesionais de prestixio internacional, o desenvolvemento de instrumentos para a difusión da nosa imaxe, e a participación nas accións de internacionalización do campus de excelencia internacional Campus do Mar.

Por último, o [Programa de desenvolvemento institucional](#) persegue contribuír á formación en temas comunitarios e internacionais do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, e ao desenvolvemento de medidas para a mellora continua das políticas de internacionalización. Neste programa deseñaranse e realizaranse accións formativas especializadas co apoio do persoal da Oficina de Relacións Internacionais, co obxectivo de implantar de xeito xeneralizado unha cultura institucional pola internacionalización, así como o seguimento e mellora contínuas das políticas de internacionalización implantadas na Universidade de Vigo.



## Introdución

A Universidade de Vigo identifica entre as súas metas estratégicas a de acadar unha universidade que consolida a súa proxección internacional. De feito, a internacionalización das ensinanzas e a mobilidade do estudiantado e do profesorado constitúen unha das liñas más importantes de progreso e mellora educativa para calquera universidade moderna. Por exemplo, a plena incorporación ao espazo europeo de educación superior facilitou o deseño de titulacións homologables e comparables entre os países participantes, o que permite asinar acordos para promover todo tipo de intercambios.

Porén, a Universidade debe abrirse, atraer estudiantes estranxeiros, e integrarse en redes internacionais, consorcios estratégicos e alianzas de coñecemento que permitan mellorar as nosas capacidades conxuntamente cos nosos socios dentro e fóra da Unión Europea. Para isto debe atraer os melhores socios na educación e na investigación, obter acreditacións que visualicen o seu recoñecemento internacional, e ter unha presenza relevante, a través do seu estudiantado e o seu persoal, nos campus do estranxeiro. Así debemos progresar na nosa dimensión multicultural e acoller estudiantes de distintas orixes; motivar ao noso alumnado e ao noso persoal para que desenvolva parte da súa carreira universitaria noutras países; impartir parte da docencia noutras lingua ademais do castelán e o galego; alcanzar o prestixio internacional pola excelencia da nosa oferta educativa e a nosa capacidade investigadora e de transferencia; e desenvolver titulaciónsdobres e conxuntas con universidades estranxeiras de excelencia internacional.

A Universidade de Vigo debe facer da mobilidade e a cooperación internacionais os elementos centrais da súa política institucional, e para iso debe:

- Desenvolver a cooperación con institucións de educación superior dentro e fóra da Unión Europea no marco dunha clara estratexia cara á internacionalización.
- Promover e facilitar a mobilidade do estudiantado, do persoal docente e investigador, e do persoal de administración e servizos, fomentando a participación dos colectivos menos representados, e segundo criterios de igualdade de acceso e non discriminación.
- Establecer políticas claras e trazables cara ao desenvolvemento de actividades docentes integradas e trasnacionais, como cursos e módulos conxuntos ou titulacións múltiples e conxuntas.
- Recoñecer a *importancia de*, e darlle *visibilidade a*, os resultados acadados polo persoal docente e investigador e o persoal de administración e servizos participante en programas de mobilidade e en proxectos de cooperación e investigación cos nosos socios estratégicos.
- Ter en conta os resultados e as boas prácticas acadados polas actividades de mobilidade e proxectos internacionais desenvolvidos ata o momento, co obxectivo de acadar unha mellora continua destas actividades.
- Impulsar o plurilingüismo na Universidade de Vigo.

Estas liñas estratéxicas pódense reformular arredor de catro obxectivos concretos e trazables:

- Fomentar o intercambio de profesorado, investigadoras e investigadores, estudiantes e persoal de administración e servizos, e preparar a estes colectivos para o mercado laboral global.
- Gañar recoñecemento no mercado internacional da educación, establecendo alianzas estratéxicas e internacionalizando a docencia e a investigación.
- Promover proxectos internacionais innovadores nun marco de colaboración multilateral e transfronteiriza.
- Atraer e integrar os e as mellores.

Con todo, este é un aspecto no cal a Universidade de Vigo progresou máis durante os últimos anos. Os datos de internacionalización e mobilidade de alumnado e profesorado no pasado recente amosan a maior taxa de crecemento do sistema universitario galego (SUG). Durante o período 2009-2012, máis de 3000 estudiantes e 300 docentes da Universidade de Vigo estudaron e intercambiaron experiencias no estranxeiro grazas aos programas Erasmus en Europa, ISEP cos Estados Unidos, MAEC-AECID con América Latina e países do Magreb, e diversos convenios bilaterais con universidades de Australia, Asia e outros países de América do norte e do sur. Nos mesmos anos, preto de 3000 estudiantes estranxeiros viñeron cursar estudos á nosa universidade, a maioría deles procedentes de Alemaña, Francia, Italia, Polonia, Portugal, Brasil e Estados Unidos. Tamén é certo que só nos últimos anos comeza a haber mobilidade regrada do PAS a través das convocatorias Erasmus e Stella, cuestión que tamén se considera estratéxica no proceso de internacionalización da nosa institución académica.


Son datos que revelan un nivel elevado e crecente de intercambio, pero non son suficientes. É necesario seguir progresando, polo tanto, ata alcanzar estándares homologables á media europea con relación ao número de egresados.

Na Universidade de Vigo, o fomento da internacionalización e o deseño das estratexias e políticas para as relacións internacionais e a cooperación internacional educativa e para o desenvolvemento recae na Vicerreitoría de Relacións Internacionais. Esta vicerreitoría encárgase asemade da xestión e participación en proxectos internacionais de cooperación educativa e cooperación ao desenvolvemento, da representación institucional en foros e eventos internacionais, e da sinatura de acordos, convenios e protocolos relacionados coa actividade internacional da Universidade, cando así sexa considerado oportuno polo reitor. Por outra banda, desta vicerreitoría dependen a Oficina de Relacións Internacionais e a ÁREA de Linguas da Universidade de Vigo.

Ademais de ser o órgano responsable do deseño, planificación e xestión dos programas internacionais de mobilidade e intercambio, a Oficina de Relacións Internacionais é o instrumento executivo e dinamizador das accións de internacionalización que contribúe a mellorar a visibilidade internacional nun contexto global, promovendo unha maior implicación da comunidade universitaria en cada un dos eidos da acción internacional.

Por outra parte, a ÁREA de Linguas, a través do Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo, ten como misión principal executar a política de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo, mediante o fomento das accións


necesarias para mellorar a competencia en idiomas estranxeiros dos membros da comunidade universitaria, así como para desenvolver competencias nos idiomas propios da Universidade entre as nosas e nosos visitantes internacionais. O centro contribúe ademais a desenvolver as citadas competencias no seu contorno social, cunha oferta formativa aberta á cidadanía e o tecido produtivo.



Nos apartados seguintes desenvolvemos as liñas xerais de actuación que definen a estratexia de internacionalización da Universidade de Vigo. Primeiramente, realizaremos unha análise DAFO para tentar delimitar os factores internos e externos que condicionan as devanditas liñas xerais de actuación, factores que tamén servirán para contextualizar o programa de actuación proposto. Máis adiante presentaremos os distintos programas que configuran a nosa estratexia e desenvolveremos os mencionados programas a través de propostas concretas de actuación.

O presente documento débese considerar un documento vivo, que sen perder de vista os obxectivos e liñas estratégicas xerais propostos, irase adaptando aos contextos internos e externos existentes en cada momento en canto ás actividades para desenvolver, de xeito que se garanta en cada momento a optimización dos resultados obtidos en función deses contextos e dos recursos disponibles.

Así, este documento compleméntase coa definición dun plan de actividades concretas que se desenvolverá anualmente dentro dos programas recollidos na presente estratexia, xunto cos indicadores necesarios para facer un seguimento axeitado do impacto e resultados das citadas actividades.





## Análise DAFO

Ante a análise DAFO pretendemos fixar a posición actual da Universidade de Vigo en canto á súa situación competitiva no que se refire á presenza no mercado internacional da educación superior (situación externa) e as súas características propias (situación interna). Con esta análise tentaremos determinar as debilidades, oportunidades, fortalezas e ameazas que condicionan a nosa actuación. As fortalezas e debilidades son os factores internos e, polo tanto, controlables. As oportunidades e ameazas son os factores externos.

Sintetizamos esta análise no cadro que aparece a continuación e describimos nos apartados seguintes os distintos elementos da análise.



### Debilidades

Tendo en conta a situación no momento de redactar este documento, identificamos os seguintes elementos dentro da institución que dificultarían o seu crecemento, proxección, credibilidade ou desenvolvemento internacional, xa que en certa medida reducen a súa capacidade de resposta e a súa competitividade. Estes elementos son:

- D1. Recursos limitados. A disponibilidade de recursos humanos e materiais e de financiamento para realizar as actividades, vén condicionada polas restricións orzamentarias recurrentes froito da situación de crise económica actual.
- D2. Escasa presenza en áreas xeográficas cun recoñecido potencial de crecemento, nomeadamente África, Asia, Australia e algúns países de América Latina.
- D3. Escasa oferta de programas universitarios impartidos en lingua estranxeira, especialmente en inglés. A presenza nos mercados internacionais da educación superior require dispor dunha oferta adaptada a todos os posibles perfís do

estudantado. Os mercados emerxentes en Asia demandan fundamentalmente formación en inglés.

- D4. Falta de oferta de titulacións dobres e conxuntas. Este tipo de titulacións permiten, por unha banda, ofrecerlle un valor engadido ao noso estudantado propio e internacional. Por outra banda, este tipo de acordos facilitan a colaboración e o desenvolvemento conxunto entre as nosas titulacións e titulacións de prestixio internacional.
- D5. Escasa disponibilidade de información básica sobre a institución, a súa oferta académica e investigadora e as súas políticas noutras linguas diferentes das linguas propias de Galicia, nomeadamente en inglés.

### Ameazas

Enumeramos a continuación os elementos identificados dentro do noso contorno que poden xerar impacto no funcionamento futuro da institución en canto a súa internacionalización, ao poder reducir ou limitar a nosa capacidade de acción ou a nosa competitividade:

- A1. Forte competencia internacional. Países cunha oferta universitaria competitiva como os EUA ou o Reino Unido constitúen polos de atracción moi importantes para os países emerxentes e o seu estudantado. Pola outra banda, no noso país existen institucións de educación superior que pola súa situación xeográfica, pola súa historia, polo seu prestixio ou pola súa experiencia, son amplamente demandados polo alumnado internacional.
- A2. Aínda estando presentes nas más relevantes, a posición da Universidade de Vigo en moitas clasificacións internacionais de referencia non reflicte as capacidades e o potencial da nosa institución, por estar estes deseñados baseándose nos parámetros aos que a nosa realidade non se adapta de xeito adecuado. Por outra parte, a forte aposta pola educación superior en moitos países, tanto avanzados como emerxentes, poñen en risco a posición acadada na actualidade pola nosa universidade nas clasificacións de referencia.
- A3. Crise económica.

Nótese que non consideramos unha ameaza relevante o impacto do grao relativo de atracción das áreas xeográficas nas que operan as universidades do sistema universitario galego (SUG), xa que ao noso modo de ver existen características distintivas que compensarían a situación, como a proximidade con Portugal. Do mesmo xeito, o clima de colaboración que se vén desenvolvendo nos últimos dous anos entre as universidades do SUG cara á nosa internacionalización permítenos considerar as relacións dentro do sistema máis como unha fortaleza que como unha ameaza.

Por outra banda, consideramos como unha ameaza relevante neste momento a situación de crise económica que implica restricións orzamentarias que comprometen seriamente as oportunidades futuras da nosa institución.

### Fortalezas

Tendo en conta a evolución recente, podemos identificar os seguintes elementos nos que podemos basear o noso crecemento, a nosa proxección, a nosa credibilidade e o noso

desenvolvimento internacional, ao favorecer a nosa capacidade de resposta e a nosa competitividade.


- F1. Infraestruturas e servizos. A Universidade de Vigo dispón dun conxunto de infraestruturas e servizos que a fan atractiva para as nosas e os nosos visitantes internacionais, como confirman os estudos e enquisas realizados ata o momento.
- F2. Liderado e imaxe da Universidade de Vigo. O campus de excelencia internacional Campus do Mar, a posición avantaxada da Universidade de Vigo en clasificacións que teñen en conta o tamaño relativo das universidades, a alta capacidade de atracción relativa fronte a outras universidades do noso sistema de educación superior, o potencial dalgúns dos seus centros e grupos de investigación, e a imaxe de universidade activa e moderna, converten a nosa institución nunha alternativa interesante para estudiantes e académicos internacionais.
- F3. Capacitación e motivación do persoal vinculado ás relacións internacionais, tanto na estrutura de goberno e xestión da universidade como nos centros. As iniciativas deste persoal percíbense de forma positiva tanto polos nosos visitantes internacionais como pola nosa comunidade universitaria, o que abre expectativas e ofrece novas oportunidades para mellorar o atractivo da institución.
- F4. Compromiso pola calidade, a través de instrumentos como os contratos-programa por obxectivos cos centros ou os plans de calidade que se implantaron ou se está a implantar nas distintas unidades docentes, de investigación e de servizos.
- F5. Instrumentos de xestión. A Universidade de Vigo ten unha experiencia razonable na xestión e execución de proxectos e programas internacionais, tanto por parte da comunidade académica como dos órganos de xestión. Por outra banda, a nosa universidade se ten dotado das políticas e dos instrumentos normativos necesarios para desenvolver as súas actividades de internacionalización.

## Oportunidades

Os seguintes acontecementos e características do noso contorno poden ter un impacto relevante no comportamento futuro da Universidade de Vigo en canto a súa presenza no panorama internacional da educación superior, ao facilitar e incrementar a nosa capacidade de resposta e a nosa competitividade.

- O1. Atractivo de Galicia e as Rías Baixas. A situación xeoestratégica das provincias de Ourense e Pontevedra, fronteirizas con Portugal e abertas ao Atlántico, xunto coa nosa diversidade climática e paisaxística, permiten desenvolver ofertas conxuntas de formación universitaria e cultural. Asemade, a nosa situación xeográfica déixanos ter unha posición de partida vantaxosa para desenvolver relacións co mundo lusófono ou para proponer unha oferta integrada lusófona-hispana. Os campus urbanos de Ourense e Pontevedra, o campus das Lagoas, Marcosende, que se converteu nunha referencia mundial dende o punto de vista paisaxístico e arquitectónico, a presenza na illa de Toralla ou no centro da cidade de Vigo, contribúen a incrementar este atractivo.


- O2. Campus de excelencia internacional Campus do Mar. Pola súa concepción e os seus obxectivos, a consecución do campus de excelencia internacional abre novas perspectivas para a mellora das nosas relacións internacionais.
- O3. Ampla rede de parceiros internacionais, con boas perspectivas de crecemento dentro e fóra de Europa. A Universidade de Vigo ten asinados acordos de colaboración e intercambio de estudiantes e docentes cun amplio abano de parceiros internacionais, fundamentalmente en Europa, Estados Unidos e América Latina.
- O4. Compromiso institucional pola internacionalización, que é considerada como un obxectivo estratéxico para o sector económico e social, para o goberno de Galicia e para o goberno do Estado, o que facilita o acceso a instrumentos que contribúen a optimizar os recursos investidos en internacionalización (programas, proxectos, bolsas, instrumentos como a fundación universidad.es etc.)
- O5. Existencia dun clima propicio para a cooperación transfronteiriza, a través dos programas vixentes e de iniciativas que promove ou nas que participa a Universidade de Vigo, como o campus de excelencia internacional Campus do Mar ou o Eixo Atlántico.
- O6. Aumento da demanda internacional de educación superior, principalmente en países asiáticos como China, Corea ou India, e en países emergentes como Brasil. Aumento da circulación de estudiantes en todo o mundo.



## Obxectivos e liñas básicas de actuación

Tendo en conta a análise presentada no apartado anterior, a estratexia de internacionalización da Universidade de Vigo artéllase arredor dos seguintes programas, que definen as liñas básicas de actuación da nosa universidade no eido internacional:

- Programa de mobilidade internacional
- Programa de cooperación internacional
- Programa de internacionalización da actividade académica
- Programa de presenza internacional
- Programa de desenvolvemento institucional



Nos apartados seguintes presentaremos polo miúdo os obxectivos e liñas básicas de actuación dentro de cada un destes programas, definindo as misións e as accións para desenvolver e identificando as persoas destinatarias de cada programa.

### Programa de mobilidade internacional

A mobilidade académica ten un papel fundamental na formación de traballadores altamente cualificados, así como na preparación do noso estudantado para participar de xeito activo na vida social e política europea, polo que a participación dos membros da comunidade universitaria nos programas internacionais de mobilidade académica contribúe dun modo determinante a incrementar as súas habilidades profesionais, sociais e interculturais. Porén, a mobilidade é un aspecto clave da internacionalización e da modernización da educación superior, e a principal ferramenta para continuar a construir o espazo europeo de educación superior.

O obxectivo xeral deste programa é estender a oferta de mobilidade en tres eixes, dende unha perspectiva global e de excelencia:

- O número de membros da comunidade universitaria que participan, sexan estudiantes, persoal docente e investigador ou persoal de administración e servizos. Terase especialmente en conta o fomento da participación dos colectivos menos representados e as persoas con calquera risco de exclusión.
- Os destinos dispoñibles, configurando unha oferta que inclúa, ademais da ampla oferta europea dentro do programa Erasmus, institucións de ensino superior e outros centros, organismos e institucións nos cinco continentes. Asemade, potenciaranse os acordos de mobilidade cos países externos á UE, tendo en conta as prioridades establecidas pola propia UE na súa acción exterior e os intereses estratégicos da Universidade de Vigo.
- Os grupos obxectivo, promovendo a mobilidade entre outros colectivos máis aló da comunidade universitaria, como os nosos maiores, as persoas adultas que participan nos cursos de extensión universitaria, ou a xente nova colaborando coas iniciativas promovidas por asociacións xuvenís.
- As actividades para desenvolver, incluíndo novas áreas de estudio nos convenios con institucións de especial interese, e cubrindo outros eidos como as prácticas externas ou as estancias de traballo no caso do persoal de administración e servizos, así como a mobilidade virtual baseada en ferramentas de e-learning e aprendizaxe baseada en ordenadores.

Os acordos de mobilidade teñen que estar baseados nun entendemento completo e profundo entre a Universidade de Vigo e os seus parceiros, tendo en conta a compatibilidade dos perfís académicos e a existencia de relaciones de confianza que faciliten a toma de decisións académicas conxuntas.

Unha vez asinados os acordos, estes comprometen a ambas as institucións, polo que á hora de reforzar a nosa rede de parceiros tratarase de evitar a sinatura de acordos que logo non vaian a estar activos, así como de asegurar que existe un balance entre os intereses académicos da nosa institución e outros factores relevantes como a distribución xeográfica, o balance entre áreas de coñecemento, ou a necesidade de garantir unha oferta de mobilidade de calidade a todos os nosos públicos obxectivo. Os convenios de mobilidade deberán identificar compromisos de calidade compartidos en relación cos procesos de selección, a xestión da documentación vinculada á mobilidade, a organización dos fluxos, o desenvolvemento temporal dos programas, ou a competencia lingüística. A Universidade de Vigo seguirá de xeito continuo a evolución dos programas intercambio e fluxos de mobilidade e, de acordo coas súas necesidades, tomará as decisións estratégicas necesarias para actualizar e optimizar a súa oferta de mobilidade.

A Área de Linguas e o Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo é un ente instrumental moi relevante neste proceso. Para que nestes momentos se produzcan incrementos significativos nas cifras de mobilidade, a comunidade universitaria necesita acadar un nivel de competencia lingüística axeitado noutras linguas diferentes do galego e o castelán, e fundamentalmente en inglés. Asemade, o marco actual de desenvolvemento do EEES tras a súa implantación urxe que se apliquen políticas encamiñadas á mellora das competencias lingüísticas do estudiantado, pero tamén ofrece unha oportunidade única, xa que no contorno do novo sistema de aprendizaxe van ser más valorados os períodos de estudos en institucións de ensino superior doutros países.

|         |   |
|---------|---|
| Misións |   |
|         |   |
|         |   |
|         |   |
| Accións | Visitas institucionais e participación en eventos<br>Extensión e reforzo da oferta de mobilidade<br>Incremento das cifras de mobilidade<br>Capacitación dos coordinadores/as de relacóns internacionais<br>Mellora da competencia lingüística<br>Información á comunidade universitaria<br>Mellora da gestión |

Outro aspecto importante a considerar é o recoñecemento dos resultados non formais da aprendizaxe. A nosa institución xa contempla a recoñecemento regrado destes resultados con unha normativa propia que contempla as condicións para o recoñecemento académico das actividades de cooperación internacional de acordo co sistema europeo de recoñecemento de créditos (ECTS). Tamén mellorarase o recoñecemento a través da implantación xeralizada do sistema europeo de calificacións baseado en percentís e a implantación do Europass de xeito integral para a mobiliade de prácticas.

Tendo en conta a análise DAFO de situación da nosa universidade e as consideracións anteriores, no apartado seguinte identificamos as misións que dirixirán a acción estratéxica para este período.

## Misións

- Establecer novos convenios de mobilidade en áreas xeográficas estratégicas, fundamentalmente en Asia (China, Taiwan, Xapón, Corea e India), África, Australia, Canadá, Brasil, Arxentina, México, Colombia e Chile, tendo en conta ademais os intereses estratégicos do campus de excelencia internacional Campus do Mar do Campus da Auga, e do Campus da Comunicación.
- Reforzar a estrutura de mobilidade existente dentro de Europa, promovendo a extensión dos convenios de intercambio con institucións de especial interese para que inclúan novas áreas de estudo.
- Estender a oferta de mobilidade internacional, incrementando a participación de todos os membros da comunidade universitaria e de outros colectivos vincellados a ela como os adultos, as asociacións xuvenís ou os nosos maiores. Incrementarase tamén a oferta para a realización de prácticas externas, as estancias para impartir docencia do persoal docente e investigador, e as estancias de traballo no caso do persoal de administración e servizos.
- Promover a mobilidade dos colectivos e grupos na Universidade de Vigo que teñen menores cifras de participación e das persoas con necesidades especiais ou en risco de exclusión.

## Accións

- Realizar visitas institucionais a socios de especial interese e participación en eventos, feiras e semanas internacionais dirixidos á captación de estudiantes e estudiantes de intercambio. A participación en feiras e eventos similares farase en coordinación co resto das universidades do SUG.
- Extender e reforzar a oferta de mobilidade. Negociación de novos convenios bilaterais, principalmente en China, Taiwan, Xapón, India, Corea, Australia, Canadá, Brasil, Chile, México e Arxentina. Participación en novos programas de mobilidade internacional e incremento da participación nos existentes, e fomento da mobilidade no marco das titulacións dobles e conxuntas. Extensión da oferta de mobilidade a países próximos á adhesión a Unión Europea e reforzo da mobilidade cos países veciños. Extensión a novas áreas de estudio dos convenios Erasmus existentes de máis relevancia polas características do noso parceiro e pola demanda actual. Fomento da mobilidade para realizar prácticas externas en empresas e institucións estranxeiras.
- Incrementar das cifras de mobilidade, promovendo a mobilidade entre todos os membros da comunidade universitaria e incluíndo a novos colectivos como as persoas adultas e os nosos maiores. Colaboración con entidades e asociacións xuvenís para o desenvolvemento das súas iniciativas de mobilidade. Fomento das estancias académicas do persoal docente e investigador e as estancias de desenvolvemento profesional para o persoal de administración e servizos. Incremento das cifras de mobilidade do estudantado de máster e doutoramento. Fomento da mobilidade para realizar prácticas externas en empresas e institucións estranxeiras. Fomento da mobilidade non formal e a mobilidade virtual.
- Mellorar a capacitación dos coordinadores/as de relacións internacionais dos centros da Universidade de Vigo, coa organización de xornadas formativas, a difusión de materiais de axuda e proporcionando atención personalizada polo persoal da Oficina de Relacións Internacionais.
- Mellorar a competencia lingüística da comunidade universitaria participante en programas de intercambio, de acordo co disposto no Plan de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo.
- Perfeccionar as canles de información coa comunidade universitaria para a difusión das diferentes opcións e oportunidades para participar en programas de mobilidade académica.
- Mellora integral da xestión dos programas de intercambio a través da Oficina de Relacións internacionais.

## Persoas destinatarias

- Estudiantes, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos da nosa universidade.
- Estudiantes, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos dos nosos parceiros internacionais.

## Programa de cooperación internacional

O obxectivo xeral deste programa consiste en reforzar a participación da Universidade de Vigo en proxectos internacionais de investigación, desenvolvemento e transferencia do coñecemento, así como o compromiso da nosa universidade coa cooperación internacional educativa e a cooperación para o desenvolvemento. Para iso, actuarase en catro liñas complementarias:

- Fomento da participación do persoal docente e investigador en convocatorias internacionais de I+D+i, e a participación institucional nas citadas convocatorias.
- Aumento da participación da comunidade universitaria en proxectos internacionais de cooperación educativa e cooperación ao desenvolvemento, no marco dos programas xestionados pola EACEA Axencia Executiva para a Educación, Audiovisual e Cultura da Unión Europea, e por outros organismos autonómicos, estatais e internacionais.
- Promoción da participación dos membros da comunidade universitaria nas iniciativas de cooperación internacional e ao desenvolvemento promovidas no noso contorno social, poñendo en valor elementos propios como o perfil académico e investigador.
- Participación en iniciativas de cooperación para a innovación e boas prácticas entre institucións educativas, así como a cooperación cos organismos activos no apoio da axenda política europea.
- Colaboración cos axentes que operan no contorno da Universidade de Vigo para darrle a coñecer á comunidade universitaria as iniciativas en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento que estes levan a cabo.

A crecente internacionalización das actividades dos países emerxentes de Asia (China, Corea, Taiwan, India...) diríxese en gran medida a países cun alto potencial futuro de desenvolvemento e, en particular, aos países en vías de desenvolvemento en América Latina (Cuba, Venezuela, Colombia, Perú, Ecuador...). A posición privilexiada da Universidade de Vigo como cabeza de ponte con América permitiríanos situarnos como un centro de referencia na formación dos futuros profesionais e empresas asiáticos que desenvolverán as súas actividades en América Latina.


Por outra banda, a identificación das características dos respectivos espazos universitarios en países latinoamericanos cunha ampla historia de relación con Galicia como Arxentina, Brasil e México implica un amplo abano de oportunidades en canto á pertinencia da colaboración entre a Universidade de Vigo con universidades públicas, privadas e centros de investigación deses países. Todo isto correspón dese con polos de actuación sumamente relevantes para Galicia, principalmente por razóns de índole cultural e ante a notable presenza dunha puxante diáspora galega, moita dela inserida dentro dos ámbitos universitario e de investigación.

Paralelamente, e en especial no caso brasileiro, a súa condición de actor emerxente no escenario global e a súa forte aposta pola educación superior materializada a través do programa Ciencia sen fronteiras define un aspecto estratéxico relevante para o proceso de internacionalización e de concreción de redes de intercambio académico e de investigación por parte da Universidade de Vigo. No caso mexicano, a implicación da nosa universidade nas súas redes universitarias e de investigación permitiría igualmente unha interesante xanela de acceso alternativa cara o mercado estadounidense e do resto dos países centroamericanos.

Outro aspecto importante é o reforzo das nosas relacións co noso país veciño Portugal, e máis en concreto as relacións no contexto da área transfronteiriza Galicia - Norte de Portugal. Cumpre consolidar a xa fructífera historia de relacións coas institucións portuguesas para participar de xeito conxunto en futuras Iniciativas Comunitarias Transfronteirizas en campos de interese común, intercambiar informacións, coordinar iniciativas e elaborar e presentar proxectos conxuntos.

## Misións

- Fomentar a participación dos membros da comunidade universitaria en proxectos internacionais de I+D+i.
- Promover a participación dos membros da comunidade universitaria en proxectos de cooperación internacional educativa e cooperación para o desenvolvemento.
- Aumentar a cooperación internacional para o desenvolvemento como un elemento destacado das políticas de responsabilidade social universitaria. Concienciar e involucrar a toda a comunidade universitaria en tarefas vencelladas á cooperación para o desenvolvemento, destacando o potencial dos seus membros para contribuír á mellora do desenvolvemento humano, e dando a coñecer as iniciativas dos axentes de cooperación que operan no noso contorno, e organizando accións de capacitación específica.
- Promover o asociacionismo internacional e o voluntariado internacional.



## Accións

- Participar institucionalmente nas convocatorias públicas de programas internacionais de I+D+i, dentro dos Programas Marco da Unión Europea.
- Participar institucionalmente nas convocatorias públicas de programas de cooperación educativa e para o desenvolvemento, como os promovidos polo MAEC/AECID ou a Unión Europea a través da EACEA. Promover a cooperación con terceiros países para contribuír ao desenvolvemento de

capacidades, á mellora da calidade dos seus sistemas educativos e o desenvolvemento sostenible da educación superior, incluíndo os países de nova adhesión.

- Participar en proxectos colaborativos transnacionais para a promoción da inclusión social, a igualdade de oportunidades e a mellora da saúde a través da actividade física e deportiva.
- Asistir a comunidade universitaria na participación nas convocatorias públicas destes programas, facilitando o acceso á información, o coñecemento das iniciativas existentes e futuras, a configuración de consorcios e a elaboración de propostas.
- Crear liñas de axuda para que os membros da comunidade universitaria poidan participar de xeito activo nas iniciativas anteriores.
- Mellorar os procesos de xestión asociados aos proxectos de I+D+i e de cooperación educativa e cooperación internacional para o desenvolvemento, simplificando a recollida de información, presentación de propostas, e a xestión e difusión dos resultados destes proxectos.
- Participar en consorcios para a cooperación para a innovación e o desenvolvemento de boas prácticas entre institucións educativas e organismos de investigación, así como cooperar con organismos activos no apoio da axenda política europea. Promover a cooperación co tecido productivo internacional perante asociacións universidade-empresa. Diálogo contínuo coas organizacións xuvenís.

### Persoas destinatarias

- Estudantes, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos da nosa universidade.
- Institucións académicas e outros organismos nos países obxectivo.
- Axentes económicos e sociais, e organizacións non gubernamentais.

### Programa de internacionalización da actividade académica

O obxectivo principal deste programa é posicionar a oferta académica e investigadora da Universidade de Vigo no mercado internacional da educación superior. Por exemplo, a internacionalización dos nosos graos e mestrados e a súa acreditación internacional deberán marcar un punto de inflexión no prestixio da nosa oferta académica, así como a participación en programas de integración europea como o Jean Monnet, ou a extensión dos programas de doutoramento convxuntos.

Porén, a Universidade de Vigo ten a oportunidade de actuar nun segmento da comunidade galega no exterior cun alto potencial de futuro: as galegas e os galegos de terceira xeración. Trátase de xente nova, cidadanía totalmente integrada nos seus países de acollida, cun vínculo relativamente feble con Galicia. Son persoas que, no entanto, teñen unha avantaxe comparativa en relación co resto dos cidadáns dos seus países: teñen recoñecida a cidadanía galega e, polo tanto, o acceso á Unión Europea nas mesmas condicións que o resto dos cidadáns europeos. Para este colectivo estudaranse programas de recoñecemento de estudos e dobre titulación con universidades latinoamericanas de referencia, poñendo especial atención nas rexións onde a comunidade galega ten un

maior peso. Actuarase tamén para facer chegar a oferta formativa integral da Universidade de Vigo ás comunidades galegas no exterior, con material especialmente dirixido a ese perfil da poboación (cidadáns de países latinoamericanos que poden beneficiarse do feito de teren recoñecido o acceso á Unión Europea).

Asemade, o Plan de internacionalización lingüística e o Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo son instrumentos fundamentais para completar este proceso. O marco actual de plena integración no EES fai imprescindible a aplicación de políticas encamiñadas á mellora das competencias lingüísticas do estudiantado, do profesorado, e do persoal de administración e servizos, pero tamén ofrece unha oportunidade única, xa que no contorno do novo sistema de aprendizaxe vai ser máis doadha a utilización dun sistema de ensinanza plurilingüe.

### Misións

- Posicionar a oferta académica da Universidade de Vigo no mercado internacional, facendo especial fincapé nunha oferta de grao e posgrao de calidade, e tendo en conta o potencial que supón o campus de excelencia internacional Campus do Mar.
- Colaborar con outros axentes na Universidade de Vigo no fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación xerados na nosa universidade.
- Colaborar con outros axentes na Universidade de Vigo, na a implantación dunha oferta académica de carácter internacional, a través de titulacións dobles e convxuntas e a través da docencia noutras linguas.

|         |  |
|---------|--|
| Misións |  |
|         |  |
|         |  |
|         |  |
| Accións | Asistencia á Comunidade Universitaria nos programas internacionais           |
|         | Fomento da implantación de titulacións dobles e convxuntas                   |
|         | Fomento dos programas de posgrao internacionais                              |
|         | Fomento da docencia de grao mestrado noutras linguas                         |
|         | Captación do estudiantado estranxeiro  |
|         | Fomento e difusión dos estudos de investigación sobre a Construcción Europea |

### Accións

- Promover que a comunidade participe en convocatorias internacionais do eido académico orientadas á docencia internacional, como as accións 1 e 2 do programa Erasmus Mundus ou Jean Monnet.

- Fomentar a implantación de titulacións dobles e titulacións conxuntas cos nosos parceiros internacionais de referencia.
- Favorecer a colaboración con outros axentes na Universidade de Vigo para a implantación de programas de posgrao dirixidos ao mercado internacional, especialmente os vinculados ao campus de excelencia internacional Campus do Mar.
- Incrementar a impartición de docencia de grao e mestrado en linguas estranxeiras.
- Captar os mellores estudiantes e docentes estranxeiros, en colaboración con outros axentes implicados na nosa universidade.
- Promover a docencia e investigación nos estudos de integración europea, incluíndo a súa promoción noutros países, a través do Centro de Excelencia Jean Monnet. Intensificar a cooperación cos centros de ensino primario e secundario no desenvolvemento de competencias profesionais no profesorado deses niveis en temas vencellados á construción europea.

### Persoas destinatarias

- Comunidade universitaria
- Estudiantes e docentes estranxeiros en países obxectivo

### Programa de presenza internacional

Un elemento claramente indicativo do nivel de internacionalización dunha universidade moderna é o do número de estranxeiros nos seus campus, así como a calidade dos seus convenios internacionais. Para poder manter e incrementar o poder de atracción de estudiantes, docentes e investigadores estranxeiros é necesario incrementar a visibilidade da Universidade de Vigo na esfera internacional.

O obxectivo principal deste programa é promover a presenza institucional da Universidade de Vigo nos foros internacionais onde están representadas as institucións de educación superior más relevantes. Para iso, teranse en conta as características da nosa institución que lle dean un valor distintivo e singular no contexto internacional, como o campus de excelencia internacional Campus do Mar ou a súa situación privilexiada a cabalo entre o mundo latino e lusófono. Por exemplo, a inserción da Universidade de Vigo dentro dun amplo abano de redes e plataformas universitarias internacionais constitúe unha ferramenta clave do seu proceso de internacionalización. Neste eido, cómpre observar catro vías de actuación:

- Redes académicas, consorcios estratégicos e alianzas de coñecemento dentro da Unión Europea.
- Redes universitarias iberoamericanas e latinoamericanas.
- Plataformas e redes de carácter global.
- Asociacións internacionais de universidades.

Ante estas actuacións preténdese incrementar e mellorar a participación da Universidade de Vigo en calquera foro en que teña cabida o mundo académico, tanto en nome propio, como representando a outras institucións universitarias e do eido I+D+i, galegas ou españolas. Para iso, estudarase tamén participar nas iniciativas de internacionalización da

## 24 Estratexia de internacionalización da Universidade de Vigo

Xunta de Galicia, e máis en concreto as desenvolvidas a través do Instituto Galego de Promoción Económica ou en colaboración coa comunidade galega no exterior.

### Misións

- Incrementar a presenza e o prestixio da Universidade de Vigo no panorama internacional da educación superior.
- Elaborar e negociar acordos institucionais internacionais.

|         |  |
|---------|--|
| Misións |  |
|         |  |
|         |  |
| Accións | <ul style="list-style-type: none"><li>Participación en consorcios e alianzas de coñecemento</li><li>Intensificar o traballo conxunto en redes de universidades</li><li>Participación en eventos profesionais de prestixio internacional</li><li>Organización de eventos internacionais na nosa Universidade</li><li>Desenvolvemento de instrumentos para a difusión da nosa máxima</li><li>Participación no diálogo político e estratéxico europeo</li><li>Participación nas accións de internacionalización do CEEI</li></ul> |
|         |  |
|         |  |

### Accións

- Promover a participación da Universidade de Vigo nas actividades promovidas pola Unión Europea para o establecemento de consorcios estratégicos, alianzas de coñecemento, o desenvolvemento de capacidades cos nosos países veciños, e o desenvolvemento de capacidades con terceiros países.
- Intensificar o traballo conxunto nas redes estratégicas internacionais nas que participa a Universidade de Vigo (Grupo Compostela de Universidades, GE4, ISEP, Eures transfronteirizo, LeoNet, EUA), e promover a integración da Universidade de Vigo en novas redes compatibles coa súa estratexia de internacionalización.
- Participar activamente en eventos profesionais internacionais do ámbito da educación superior.
- Desenvolver instrumentos para a difusión internacional do potencial da Universidade de Vigo como institución de referencia no eido da educación superior, en colaboración con outros axentes involucrados dentro da Universidade.
- Participar no diálogo político coas persoas e entidades de referencia europeas no eido da educación, a formación e a xuventude; e promover os debates e intercambios entre o mundo académico e os responsables da elaboración das políticas e definición das prioridades e estratexias europeas.

- Participar de xeito proactivo nas actividades de promoción internacional do campus de excelencia internacional Campus do Mar, do Campus da Auga, e do Campus da Comunicación.

## Persoas destinatarias


- Comunidade universitaria
- Redes universitarias internacionais e institucións participantes nelas.

## Programa de desenvolvemento institucional

Unha das forzas impulsoras clave dunha política de internacionalización en calquera organización é a existencia dunha cultura e unha actitude entre os seus membros que lles motive para actuar de xeito proactivo en prol da citada internacionalización. O programa de Desenvolvemento Institucional persegue precisamente contribuír ao desenvolvemento e xeneralización desta cultura pola internacionalización en toda a comunidade académica, así como ao desenvolvemento de medidas para a mellora continua das políticas de internacionalización implantadas na Universidade de Vigo.

## Misións

- Darlle a coñecer á comunidade universitaria as iniciativas estratégicas máis relevantes en materia de política comunitaria e internacional e o seu impacto na educación superior, como a estratexia Europa 2020 de crecemento cara a vindeira década.
- Manter informada a comunidade universitaria sobre a nova xeración de programas da Unión Europea, ante a recompilación da información relevante e a promoción do uso dos instrumentos de participación postos á disposición de todos os axentes involucrados neste proceso de definición.
- Promover e colaborar no recoñecemento da participación en programas de mobilidade e en programas internacionais educativos e de cooperación ao desenvolvemento.
- Facilitar a participación dos membros da comunidade universitaria en accións de promoción da cultura de internacionalización dentro e fóra da institución.
- Definir e implantar os instrumentos necesarios para o seguimento e mellora continua das políticas, procesos e iniciativas de internacionalización da Universidade de Vigo.



|         |  |
|---------|--|
| Misións |  |
|         |  |
|         |  |
|         |  |
|         |  |
| Accións | <p>Organización de xornadas informativas</p> <p>Difusión das estratexias e instrumentos da institución</p> <p>Reforzo da O.R.I. como dinamizador da internacionalización</p> <p>Implantación de medidas e instrumentos para a mellora continua</p> |

## Accións

- Organizar xornadas informativas sobre política comunitaria e internacional.
- Difundir entre a comunidade universitaria do modelo de organización global da internacionalización da Universidade de Vigo e das funcións dos distintos axentes involucrados.
- Reforzar o papel da Oficina de Relacións Internacionais como elemento dinamizador das políticas de internacionalización.
- Implantar de medidas e instrumentos para o seguimento, análise e realización de propostas de mellora vincelladas as políticas, accións e programas de internacionalización.

## Persoas destinatarias

- Membros da comunidade universitaria.

